



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na encrucillada das rúas Santiago de Chile e República Arxentina detéctase desde hai varias semanas unha notable diminución da intensidade lumínica provocada pola ausencia dunha luminaria nun dos báculos do sistema de iluminación.

Descoñecemos a causa desta prolongada carencia, se foi motivada por unha avaría, unha caída consecuencia dun impacto ou calquera outra circunstancia, pero o certo é que se fai necesario canto antes proceder á súa reposición para devolverlle as mellores condicións de confort e seguridade durante a noite a este céntrico punto da nosa cidade.

En consecuencia, o Grupo Popular formula o seguinte ROGO:

***Que por parte do Goberno local se dean as instrucións precisas ao correspondente servizo municipal para proceder á maior brevidade a repoñer a luminaria que falta nun dos báculos da iluminación pública na encrucillada das rúas Santiago de Chile e República Arxentina.***

Santiago de Compostela, a 7 de setembro de 2016.

María José Castro Carballal  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRAFICO

